

A TODO O PROFESORADO DE ENSINO SECUNDARIO DE GALICIA

**FETE-UGT MANIFÉSTASE EN CONTRA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN NA
ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DE BACHARELATO NA COMUNIDADE
AUTÓNOMO DE GALICIA NO QUE SE REFIRE AO HORARIO QUE PRESENTA
NON AS DEMAGOXIAS SI Á NEGOCIACIÓN**

Independentemente do currículo das distintas materias que presenta a Consellería de Educación no Borrador do Decreto do Bacharelato, FETE-UGT manifesta que o horario das mesmas é totalmente arbitrario e fóra de todo punto, non argumentado pola Administración, considerando as propostas dos mesmos currículos que teñen que abarcar.

Dito isto, FETE-UGT considera que a introdución dunha nova materia contemplada na Lei, non pode producir cambios (no horario) tan significativos noutras materias nas que se contemplaría unha transgresión ao horario necesario para desenvolver o seu currículo.

Dentro da coherencia que ten a nosa Federación e **respectando, en todo caso, os horarios mínimos establecidos por Lei en todas as materias**, FETE-UGT fai unha proposta asumible para poder completar con dignidade todas as materias afectadas.

No esencial, a **Consellería** fai unha proposta de horario para o 1º curso, como segue:

3 horas para Ciencias do mundo contemporáneo (materia nova por Lei)

2 horas de Filosofía e Cidadanía (reduce 1 hora)

1 hora de Educación Física (reduce 1 hora)

No 2º curso:

3 horas de Historia de España (reduce 1 hora)

A proposta da FETE-UGT establece (PROPOSTA PRESENTADA, XA NA MESA SECTORIAL, E TAMÉN NO CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA):

No 1º curso

2 horas para Ciencias do mundo contemporáneo (suficientes, primeiro cumprindo o mínimo esixido; segundo por ser unha nova materia sen experimentar e da que non hai tan sequera textos en galego para impartila; terceiro porque o seu propio currículo está cruzado coas distintas materias impartidas na ESO e no propio BAC, cuarto porque ademais é horario que puxeron noutras comunidades)

3 horas de Filosofía e Cidadanía (quedaría como estaba, parte desta materia entraría no currículo da nova materia, ademais de darlle a importancia que se merece ao novo apartado de Cidadanía)

2 horas de Educación Física (quedaría como estaba, ademais de ser esta materia vital para o desenvolvemento do corpo e do espírito, clave na sociedade actual como ciencia da saúde e recomendada por todos os estamentos incluídos os europeos,

ademais de ter parte do currículo de Ciencias do mundo contemporáneo e ser materia común para todos os bacharelatos)

3 horas na optativa por considerar que é suficiente tanto para a propia como para a optativa de modalidade.

No 2º curso

Aceptariamos as 3 horas de Historia, introducindo na elección das relixións: **Historia das relixións** (correspondería ao departamento de Historia)

Ademais reivindicamos a contextualización dos obxectivos en Galicia (proposta aceptada pola Permanente do Consello Escolar de Galicia). Que todos os IES oferten, polo menos dúas modalidades de Bac. Solicitamos que todas as optativas poidan impartirse nos dous cursos, e non só a 2ª lingua estranxeira; ou polo menos en calquera dos dous cursos a elixir polos centros. Pedimos a derogación da transitoria 3ª que limita a oferta das materias de Electrotecnia e Tecnoloxía Industrial por falta de recursos. Demandamos un redoble de esforzos da administración para apoio ó profesorado de Bac en materia de formación permanente, investigación e innovación (aceptada pola Permanente do Consello Escolar de Galicia) e a ampliación da oferta de bacharelatos artísticos.

Por outra banda FETE-UGT ten que denunciar que o que non se pode é enganar ao profesorado con demagogia tratando propostas que vaian contra a normativa actual (A MATERIA DE RELIXIÓN TEN DÚAS HORAS COMO MÍNIMO POR LEI), tamén, convocando mobilizacións, cando aínda se está debatendo no Consello Escolar de Galicia e tendo camiño por percorrer ata a súa publicación. **Se non se cumpren os mínimos da Lei, calquera podería recorrer á xustiza e gañaría sen ningún tipo de dúbidas.**

FETE-UGT DEFENDERÁ AS SÚAS PROPOSTAS CON TODOS OS ARGUMENTOS POSIBLES, TANTO PEDAGÓXICOS COMO PROFESIONAIS PARA QUE A ADMINISTRACIÓN COMPRENDA QUE NON SE PODEN IMPOÑER CRITERIOS, NOS QUE PRACTICAMENTE TODA A COMUNIDADE EDUCATIVA ESTÁ EN CONTRA.

DO MESMO XEITO NON DESCARTAMOS TODO TIPO DE MOBILIZACIÓNS SE A CONSELLERÍA NON ESTÁ ABERTA AO DIÁLOGO E DEBATE DO NOVO DECRETO DO BACHARELATO RESPECTANDO AS NOSAS PROPOSTAS QUE SERÁN DEFENDIDAS NO CONSELLO ESCOLAR ONDE AGARDAMOS CONVENCER Á MAIORÍA DOS SEUS MEMBROS.

Santiago, 17 de abril de 2008.